



O MUSEO ARQUEOLÓXICO DE SANTA TREGA (MASAT)

Xavier Crespo



O edificio

En 1913, por mor da apertura dunha estrada que permitira o fácil acceso dos veciños da vila da Guarda ao alto do monte Trega, comezaban as escavacións sistemáticas dun dos poboados castrexos máis interesantes do noroeste peninsular. Os abundantes restos arqueolóxicos atopados nos primeiros traballos dirixidos polo historiador guardés Juan Domínguez Fontela (1869-1942) impulsados pola recentemente creada Sociedade Pro Monte Santa Tecla precisaban dun lugar onde almacenalos, conservalos e mostralos ao público. Así, xa no 1914, un local sito na actual rúa Galicia propiedade do que por entón era presidente da Sociedade Promonte, Manuel Lomba Peña (1861-1933), serviu para acoller obxectos de cerámica, evásticas, moedas, ourivería... atopados na primeira

campaña de escavacións. O mesmo Domínguez Fontela e o secretario da Sociedade Promonte Pacífico Rodríguez encargáronse de ordenar e clasificar os fondos deste primeiro museo.

No pico de San Francisco, Ángel Jurado promove a construción dun restaurante que se levantará sobre un proxecto do recoñecido arquitecto porriñés Antonio Palacios. A este edificio, comprado mediante subscripción popular polo presidente da Sociedade Promonte José Ramón Sobrino Arias, trasladarase o 23 de xullo de 1953 o Museo da Citania de Santa Trega e alí permanece na actualidade coa mesma finalidade coa que fora mercado inicialmente: a de acoller os materiais que as distintas campañas de escavación ían

sacando ao exterior: dende as primeiras de Domínguez Fontela, pasando polas de Ignacio Calvo, Cayetano de Mergelina, Manuel Fernández e as últimas nos anos 80 de Antonio de la Peña Santos¹.

Recentemente, no ano 2008, o interior do museo experimentou unha fonda transformación. Os cambios realizados pretenderon crear un espazo recollido, no que o visitante centrase a súa atención unicamente nos obxectos que contempla. Para tal fin seleccionáronse as pezas expostas evitando a repetición de motivos e mediante paneis informativos pretendeuse facilitar o acceso á información máis básica para coñecer os motivos e o contexto histórico no que aparecen. Para os visitantes máis interesados instaláronse interactivos que permiten ampliar a información sobre os fondos do museo.

Os contidos expositivos

O MASAT é, pola súa tipoloxía, un museo de sitio en tanto que os seus fondos se nutren da contorna do monte que o acolle e, de xeito especial, da citania situada a media ladeira do monte.

Os materiais expostos permiten coñecer as formas de vida da sociedade castrexa: alimentación, ornamentación persoal, actividades económicas, as influencias recibidas doutros pobos mediterráneos, fenicios, gregos e fundamentalmente romanos. De entre os contidos expositivos que ofrece destacan o remate de ouro dun torques, a colección de esvásticas e a de moedas.

Remate de ouro dun torques

Cayetano de Mergelina dubidaba se esta peza de tan so 30 g de peso podería corresponderse coa empuñadura dun arma ou o remate dun torques² e inclinouse pola primeira opción. Na actualidade a

maior parte dos investigadores (Felipe Arias, Carballo Arceo...³) inclínanse por considerala como o remate dun torques. Coinciden os distintos autores en que se trata dunha peza excepcional pola riqueza da súa decoración que conxuga técnicas ourives de filigrana, granulado e glóbulos. Con finos fíos elabóranse as espirais entrelazadas que decoran a parte globular e o tríscele representado na parte plana que pecha o torques. Un moi fino granulado enche os espazos interiores das espirais e da esvástica mentres que no extremo oposto, onde o aro se funde co remate, diminutas perlas e bandas con motivos sogueados completan a decoración desta extraordinaria peza.



A colección de esvásticas

Na actualidade o MASAT ofrécelle ao visitante unha rica colección de esvásticas tanto polo número delas expostas como pola variada gama de motivos nelas representados. Son un conxunto de gravados en pedra decorados cun número variable de brazos rematados en volutas ou en espirais que xiran indistintamente cara á esquerda ou cara á dereita. Outros motivos son radiais ou rosáceas que permanecen estáticos e que xeralmente aparecen inscritos nun cordón circular liso ou decorado con motivos sogueados. As esvásticas abundan na cultura castrexa do noroeste peninsular. (monte Mozinho, Briteiros, San Cibrán de Las...) pero enriquece a colección exposta a presenza de dúas esvásticas cunha decoración propia e exclusiva coñecidas como esvásticas do Miño decoradas con dous elos

1 Martínez Tamuxe, X. *Citania y poblado arqueológico de Santa Tecla*. Sociedade Promonte. A Guarda, 1998. 4.^a ed.

2 Mergelina, Cayetano de. *La Citania de Santa Tecla*. Padroado Monte Sta. Trega. Páx. 44

3 Carballo Arceo, L.X. *Catálogo dos Materiais Arqueolóxicos do Museo do Castro de Santa Trega: Idade do ferro*. Deputación de Pontevedra, 1989. Páx. 30

entrelazados. Unha delas aparenta movemento cara a esquerda —sinestróxira— e outra cara á dereita —destróxira—. Barállanse distintas hipóteses sobre a mensaxe que os escultores pretenderon transmitirnos con estas labras: identificación de grupos familiares, representacións astrais ou simplemente motivos decorativos embutidos nos muros das vivendas que sobresaen lixeiramente do paramento.



Colección de moedas

Nunha das vitrinas do MASAT expónse unha interesante colección de moedas romanas. Da importancia da colección queda constancia no recoñecemento obtido nunha exposición internacional celebrada en Barcelona no 1958. Son moedas de cobre, de bronce e prata, ases e denarios emitidos entre os séculos II a.C. e IV d.C.

A máis antiga é un denario de prata que presenta no seu anverso unha cabeza galeada de Roma mirando cara á dereita. Data do 185 a.C. e no seu reverso aparece representado o deus Marte conducindo unha cuadriga. O outro denario, moeda típica da República romana, tamén está acuñado en prata, é de datas algo posteriores e presenta no seu anverso unha cabeza de Roma cuberta con casco e mirando cara á dereita e no reverso os Dióscuros, os heroes gregos Cástor e Pólux conducindo unha cuadriga.



O que non está no Museo

Dúas pezas singulares atopadas no monte non están, por diversas circunstancias, no MASAT. Unha estatuíña de bronce de non máis de 18 cm de altura aparecida a mediados do XIX no pico do Facho, logo de pasar polas mans de varios particulares foi depositada no Museo pola Sociedade Pro Monte. No ano 1964 foi roubada sen que dende aquela houbera novas sobre o seu paradiro. Hoxe debemos conformarnos con contemplar unha reprodución. En 1986, durante a campaña de escavacións dirixida por Antonio de la Peña Santos, apareceron fragmentos dunha cunca de vidro policromado da variedade denominada vidro *millefiore* producido no Mediterráneo oriental. Os fragmentos foron levados ao Museo de Pontevedra onde se exhiben na actualidade logo de seren restaurados. O MASAT agarda que a petición de que o vaso *millefiore* retorne ao lugar onde foi atopado, o monte Trega, sexa atendida canto antes pola Dirección Xeral de Patrimonio a que se ten solicitado en reiteradas ocasións que se inclúa nos fondos do museo para serlles mostrado aos milleiros de visitantes que recibe ao longo do ano.

